



Resolución do 14 de abril de 2020, da Universidade da Coruña, pola que se modifica a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala administrativa

Por Resolución do 12 de febreiro de 2020, da Universidade da Coruña, noméase e publícase a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala administrativa, convocada mediante a Resolución do 21 de xuño de 2019 (DOG do 1 de xullo).

Con data 6 de marzo de 2020, José Nodar Vázquez, presenta a súa abstención como vogal titular do tribunal destas probas selectivas por motivos persoais sobrevidos.

Por outra banda, con data 23 de marzo de 2020 María de la Paz Arenas Balsa, presenta a súa abstención como vogal suplente do tribunal destas probas selectivas por ter parentesco de consanguinidade dentro do quinto grao e próxima amizade cun candidato.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020,

RESOLVE:

1º Aceptar a abstención de José Nodar Vázquez, como vogal titular do tribunal destas probas selectivas, e nomear vogal titular, no seu lugar, a Roberto Rodríguez Martínez.

2º Aceptar a abstención de María de la Paz Arenas Balsa, como vogal suplente do tribunal destas probas selectivas, e nomear vogal suplente, no seu lugar, a María Cristina Vallejo Carballosa.

Na Coruña,

FDO: dixitalmente polo xerente da Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	LYdSAhVRb5LTBops/ykBuw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente			Asinado	14/04/2020 14:50:46
Observacións				Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/LYdSAhVRb5LTBops/ykBuw==				

